

Protocolo de acceso ás orixes biolóxicas e outras informacións contidas nos expedientes de adopción e de protección á infancia e á adolescencia.

O dereito a unha identidade propia e á procura das orixes das persoas adoptadas está regulado en diversas disposicións de carácter internacional, estatal e autonómico, entre as que destacamos:

O Convenio da Haia, relativo á protección do neno e da cooperación en materia de adopción internacional, ratificado por España o 18 de xullo de 1995 que reflicte no seu artigo 30.1 o seguinte:

“As autoridades competentes dun Estado contratante asegurarán a conservación da información da que dispoñan relativa aos orixes do menor, en particular a información respecto á identidade dos seus pais así como á historia médica do menor e da súa familia.

2. As ditas autoridades asegurarán o acceso, co debido asesoramento, do menor ou do seu representante a esta información na medida en que o permita a lei do dito Estado.

E o artigo 31 indica “Sen prexuízo do establecido no artigo 30, os datos persoais que se obteñan ou transmitan conforme ao Convenio, en particular aqueles aos que se refiren aos artigos 15 e 16, non poderán utilizarse para fins distintos daqueles para os que se obtiveron ou transmitiron”.

A Lei 54/2007, de 28 de decembro de adopción internacional, recolle no artigo 12 “que as persoas adoptadas, alcanzada a maioría de idade ou durante a súa minoría de idade representadas por seus pais, terán dereito a coñecer os datos sobre as orixes biolóxicas.

As Entidades Públicas españolas de protección de menores, previa notificación ás persoas interesadas, prestarán a través do seus servizos especializados o asesoramento e a axuda que precisen os solicitantes para facer efectivo este dereito.

Os organismos acreditados de adopción (OAA) que interviñesen na adopción deberán informar ás Entidades Públicas dos datos dos que dispoñan sobre as orixes do menor”.

O artigo 180 do Código Civil, apartado 5 e 6, modificados pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, establecen o seguinte:



“5. As Entidades Públicas asegurarán a conservación da información de que dispoñan relativa ao orixes do menor, en particular a información respecto á identidade dos seus proxenitores, así como á historia médica do menor e da súa familia, e conservaranse durante ao menos 50 anos con posterioridade ao momento no que a adopción se fixera definitiva. A conservación levarase a cabo só os efectos de que a persoa adoptada poida exercer o dereito ao que se refire o apartado seguinte.

6. As persoas adoptadas, alcanzada a súa maioría de idade ou durante a súa minoría de idade a través dos seus representantes legais, terán dereito a coñecer os datos sobre as súas orixes biolóxicas. As Entidades Públicas, previa notificación ás persoas afectadas, prestarán a través dos seus servizos especializados o asesoramento e a axuda que precisen para facer efectivo ese dereito. A estes efectos, calquera entidade privada ou pública terá a obriga de facilitar ás Entidades Públicas e ao Ministerio Fiscal, cando lle sexa requirido, os informes e antecedentes necesarios sobre o menor e a súa familia de orixe.”

No ámbito da nosa Comunidade Autónoma o artigo 42 “Dereitos de especial protección da infancia e adolescencia” da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia establece no seu apartado c) o seguinte:

“O dereito a unha identidade propia e máis a coñeceren os datos que sobre as orixes biolóxicas consten no poder das autoridades públicas galegas, ou das entidades colaboradoras que entremediasen, colaborasen ou participasen dalgunha maneira na execución das medidas de protección dos menores.

As autoridades públicas galegas asegurarán a conservación da información de que dispoñan relativas ás orixes do neno/a ou adolescente, en particular a información respecto á identidade dos pais e nais, así como a historia médica do menor e da súa familia, debendo informar ás entidades colaboradoras e ás autoridades públicas dos datos de que dispoñan”.

Co obxecto de desenvolver este dereito regulado no artigo 42 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica consciente da transcendencia e sensibilidade do contido dos expedientes de adopción en xeral e, en particular, das orixes biolóxicas, así como a importancia de conxugar a transparencia da actividade pública neste ámbito, coa debida reserva dos datos persoais das persoas afectadas por este tipo de expedientes, considera oportuno aprobar o procedemento de acceso ás orixes biolóxicas e outras informacións dos expedientes de adopción, coa aprobación dun protocolo que regulará o dito dereito.

## PROTOCOLO DE ACCESO ÁS ORIXES BIOLÓXICAS E OUTRAS INFORMACIÓNS CONTIDAS NOS EXPEDIENTES DE ADOPCIÓN.

Primeiro.- Obxecto.



É obxecto do presente protocolo regular a actuación que deberán seguir os Gabinetes de Orientación Familiar (GOF) das distintas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social en materia de acceso ás orixes biolóxicas e outras informacións contidas nos expedientes de adopción e de protección á infancia e á adolescencia.

Segundo.- Ámbito de aplicación.

As normas deste protocolo serán de aplicación aos procedementos de acceso ás orixes biolóxicas e a outras informacións contidas nos expedientes de adopción e de protección á infancia e á adolescencia que se atopen baixo a custodia das autoridades públicas galegas, ou dos OAA que entremediasen, colaborasen ou participasen dalgunha maneira na execución das medidas de protección.

Terceiro.- Persoas destinatarias.

Os procedementos obxecto deste protocolo diríxense a:

- a) As persoas adoptadas que buscan as súas orixes biolóxicas e os e as descendentes que desexan acceder á información que se conserve nos expedientes relativos á tutela e/ou adopción daquelas.
- b) As persoas extuteladas que desexan acceder aos seus expedientes de protección á infancia e á adolescencia.
- c) Os pais e nais biolóxicas, así como outros familiares das persoas adoptadas que desexan contactar cos fillos e as fillas que foron entregadas en adopción ou recibir información sobre estas.
- d) Os pais e nais adoptantes que desexan acceder a datos que obren nos expedientes de adopción sobre os seus fillos ou fillas adoptadas, coas limitacións descritas no apartado vixésimo cuarto.

Ademais, aplicarase o disposto neste protocolo ás solicitudes de colaboración que formulen outras Entidades Públicas de protección á infancia e á adolescencia, ás que se lle facilitará a información dispoñible.

Cuarto.- Persoas solicitantes menores de idade.

As persoas menores de idade teñen dereito a acceder ás orixes biolóxicas representadas polos seus pais, nais ou persoas que exercen a tutela.

O acceso efectivo á información sobre as orixes biolóxicas quedará condicionada ao momento evolutivo no que se atope o menor e a que teña suficiente xuízo e capacidade para comprender, circunstancias que valorará o persoal técnico encargado deste proceso.



Quinto.- Tratamento individualizado.

As persoas solicitantes asignaráselles un ou unha profesional do Gabinete de Orientación Familiar da respectiva Xefatura territorial da Consellería de Política Social, cuxo nome se lle dará a coñecer. Esta persoa asumirá funcións de interlocutor durante a tramitación do procedemento, informaraas sobre o procedemento a seguir e comunicaralles as medidas que se adopten.

Sexto.- Confidencialidade.

Os datos contidos no expediente de adopción teñen carácter reservado e a Administración autonómica actuará coa obrigada reserva neste ámbito, adoptando as medidas oportunas para garantir, en aplicación do dereito á intimidade, o tratamento confidencial da información coa que conte e dos ficheiros ou rexistros nos que conste dita información, de acordo coa normativa en protección de datos persoais.

#### INFORMACIÓN ACCESIBLE

Sétimo.- Información accesible sobre as orixes biolóxicas.

1. A información que se facilitará ás persoas adoptadas ou extuteladas sobre as súas orixes biolóxicas, que conste no expediente e fagan a correspondente solicitude de acceso, será a seguinte:

a) Datos de filiación biolóxica: os datos incluídos na Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil.

b) Historia médica da persoa adoptada ou extutelada e datos relevantes de antecedentes médicos da súa familia biolóxica: a que conste no expediente de adopción, protección á infancia e á adolescencia e aquela que, en relación coa persoa adoptada ou extutelada, se poida obter de organismos oficiais tras a investigación efectuada a tal efecto.

c) Circunstancias relevantes e determinantes da propia identidade: as causas polas que a persoa foi entregada para que crecese noutra familia, medidas adoptadas para a súa protección e outras cuestións relacionadas con estes aspectos. En concreto, proporcionaranse as resolucións e informes técnicos que consten no expediente.

d) Historia de vida: a información da historia da persoa adoptada ou extutelada desde o seu nacemento ou embarazo da súa nai ata chegar á familia adoptiva ou ser obxecto de medida de protección á infancia ou á adolescencia.

e) Información relativa a irmáns e irmás e outros familiares, sen facilitar os datos de identidade ou de situación familiar destes agás consentimento expreso destas persoas tras o proceso de mediación.



f) Información relativa a outras persoas significativas, especialmente das familias acolledoras: poderase facilitar información do rol que xogaron na historia de vida da persoa adoptada, preservando os seus datos de identidade agás consentimento expreso tras o proceso de mediación.

2. A partir da publicación deste protocolo, os equipos técnicos de menores das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social deixarán constancia en cada expediente de protección á infancia de se as persoas significativas queren ser obxecto ou non de mediación nunha hipotética procura das orixes das persoas adoptadas ou extuteladas.

3. A documentación xerada durante o procedemento de acceso ás orixes biolóxicas considerárase un expediente diferente ao de adopción ou do de protección á infancia e á adolescencia.

4. Non se entregará información ou documentación sen unha intervención técnica previa coa persoa interesada. Esta intervención terá por obxecto evitar danos psicolóxicos que os datos obtidos poidan causarlles ás persoas que a reciban.

5. O dereito a obter información sobre a propia orixe non inclúe os seguintes datos:

a) os datos de localización das persoas, a menos que estas o autoricen expresamente logo do proceso de mediación.

b) os datos de carácter persoal dos e das profesionais que interviñeron nos procesos de separación do núcleo familiar e tutela do neno ou da nena ou adolescente cando os datos contidos no expediente ou a posición mostrada polo solicitante permitan prever de xeito razoable que a información se pode utilizar para finalidades distintas ás propias deste protocolo.

c) Os datos de terceiras persoas non relacionadas coa historia persoal da persoa titular do dereito a coñecer as súas orixes, ou que sexan confidenciais ou reservados, ou que estean protexidos de acordo coa lexislación vixente.

d) Os datos relativos ao ámbito privado dos acolledores familiares, non relacionados coas orixes biolóxicas ou coa historia persoal da persoa solicitante, a menos que estes manifesten o seu acordo.

## PROCEDEMENTO DE ACCESO ÁS ORIXES BIOLÓXICAS POLAS PERSOAS ADOPTADAS E EXTUTELADAS

Oitavo.- Iniciación.

1. O procedemento iniciarase tras a solicitude previa da persoa adoptada ou extutelada nos Gabinetes de Orientación Familiar das respectivas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, conforme ao modelo normalizado (Anexo I), que conterá a seguinte información:

a) Nome, apelidos e número de DNI da persoa solicitante.



b) Domicilio ou outro medio a efectos de notificacións.

c) Lugar e data da presentación da solicitude.

d) Sinatura da persoa solicitante.

e) Unidade á que se dirixe.

f) Información que desexa obter.

2. No caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade, actuará representada polo seu pai, nai ou persoa que exerza a tutela.

3. No caso de que a persoa solicitante actúe a través de representante, este deberá estar debidamente acreditado (Anexo II).

4. A solicitude poderá presentarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, empregando o modelo común PR004A e sinalando como destinatario a Xefatura Territorial que corresponda:

[https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?  
codtram=PR004A&ano=2017&numpub=1&lang=gl](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A&ano=2017&numpub=1&lang=gl)

5. No caso de que a Xefatura Territorial de destino considere que non é competente por razón do territorio, daráselle traslado de oficio á Xefatura correspondente, e comunicáraselle por escrito á persoa interesada do dito traslado. Como criterio xeral a Xefatura Territorial competente será aquela na que se formalizou o expediente de protección á infancia. No caso de que os expedientes de tutela e de adopción consten en xefaturas territoriais diferentes, promoverase a colaboración entre ambas unidades do xeito que resulte máis conveniente para a persoa interesada, segundo as súas circunstancias no momento da solicitude.

Noveno.- Documentación.

1. A solicitude debidamente cumprimentada e asinada, irá acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa adoptada ou extutelada, no caso de que non se autorice a súa consulta.

b) Certificado Literal de nacemento da persoa adoptada expedida polo Rexistro Civil, de ser o caso.

c) Fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa representante, no caso de que non se autorice a súa consulta e documento que acredite que a persoa adoptada autoriza expresamente a actuar neste procedemento (Anexo II).

2. No caso de defecto ou omisión no ofrecemento ou na documentación presentada, requirirase á persoa interesada a fin de que no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso contrario, teráselle por desistida da súa petición, previa resolución ditada para o efecto, e procederase ao arquivo da mesma.



Décimo.- Instrución do procedemento.

1. Unha vez presentada a solicitude, o Gabinete de Orientación Familiar da Xefaturas Territorial que corresponda encargárase da súa tramitación, realizando as seguintes actuacións:

- a) Localización do expediente.
- b) Lectura e estudo do expediente.
- c) Entrevista coa persoa adoptada, extutelada ou outros demandantes de información sobre as súas orixes.
- d) Procura da familia biolóxica.
- e) Entrevista coa familia biolóxica.
- f) Comunicación da información á persoa adoptada.

Décimo primeiro.- Localización do expediente.

Os Gabinetes de Orientación Familiar localizarán o expediente baixo a custodia da administración autonómica. No caso de que non exista constancia deste notificaráselle á persoa interesada a resolución de arquivo da solicitude.

No caso de expedientes que non consten baixo a custodia a administración autonómica, solicitarase información ás entidades nas que poida existir constancia para que remitan a información oportuna.

Décimo segundo.- Lectura e estudo do expediente.

O persoal técnico dos Gabinetes de Orientación Familiar examinarán o expediente e extraerán, se consta neste, a información relativa ás orixes biolóxicas da persoa adoptada ou a información do expediente que fose solicitada por esta.

Décimo terceiro.- Entrevista coa persoa solicitante.

1. Como inicio do proceso confidencial de mediación o persoal técnico dos Gabinetes de Orientación Familiar manterá unha entrevista coa persoa solicitante a fin de explicarlle o procedemento que se segue para a tramitación da solicitude; expoñerlle a existencia duns riscos asociados a todo proceso de procura das orixes biolóxicas e a transcendencia e consecuencias que pode ter para el/ela; a necesidade de respectar os dereitos lexítimos de terceiras persoas que poden verse afectadas; coñecer as súas motivacións; clarificar as súas expectativas e ofrecerlle apoio psicolóxico.





Para conseguir estes obxectivos, o dito persoal técnico poderá abordar cuestións como o estado psíquico e emocional, a dinámica das súas interaccións familiares e as súas redes de apoio. A análise efectuada comprenderá cuestións como o estado do proceso de construción da identidade da persoa solicitante, desenvolvemento do seu proceso de autonomía, estrutura e dinámica familiar e social. Tamén se analizará o grao de coñecemento e implicación da familia adoptiva, de ser o caso, na procura de orixes, e a percepción sobre este feito da persoa solicitante.

Logo da información á persoa interesada, esta poderá concretar ou modificar a información que manifestou que quería obter na solicitude (apartado Oitavo.1.f deste protocolo). Só no caso de que solicite o contacto con algún membro da súa familia de orixe se procederá á mediación descrita no apartado décimo quinto.

2. No caso de que no expediente consten os datos de identidade da nai e/ou pai biolóxicos, na entrevista citada no apartado anterior, ou noutra posterior de ser necesario por requirir a persoa solicitante un procedemento de apoio psicolóxico previo, o persoal técnico informará a persoa adoptada da información sobre as súas orixes biolóxicas, de acordo co establecido nos apartados sétimo e vixésimo deste protocolo.

En caso de que a persoa solicitante requira un proceso de mediación coa familia de orixe, este terá como finalidade localizar á nai e/ou pai biolóxico, informalos de que se facilitaron os seus datos de identidade ao fillo ou filla que deron en adopción e coñecer a súa disposición para manter algún tipo de contacto ou encontro coa persoa adoptada a condición de que todas as partes o desexen, entre outros aspectos.

Décimo cuarto.- Procura da nai e/ou pai biolóxicos.

1. Se a persoa solicitante solicita o proceso de mediación para contactar coa familia biolóxica, os Gabinetes de Orientación Familiar da Consellería de Política Social farán os trámites necesarios para identificar e localizar a nai e/ou pai biolóxicos, solicitando por escrito información sobre datos que poidan resultar determinantes para coñecer a identidade e o seu actual domicilio aos organismos públicos nacionais ou estranxeiros oportunos segundo a información dispoñible (oficios a: INSS, Policía, Padrón Municipal, Rexistro Civil, servizos sociais comunitarios, servizos sanitarios, etc) que puidesen dispoñer desta información. No caso de que o resultado da procura fose negativo e non puidesen ser localizados, tratarase de obter información sobre o posible falecemento.

2. Cando se localice o domicilio da nai e/ou pai biolóxicos, os Gabinetes de Orientación Familiar da Consellería de Política Social tratarán de concertar unha entrevista. Destes intentos deixarase constancia no expediente aberto sobre a procura de orixes.

3. Naqueles casos que se considere oportuno, as xestións de localización e contacto coa nai e/ou pai biolóxicos poderanse realizar a través doutros ou outras profesionais do ámbito social que poidan acceder a eles, solicitando para iso a súa colaboración.





4. No caso de que a nai e/ou pai biolóxicos falecesen ou se atopasen nunha situación de incapacidade xudicial declarada ou de feito que non lles permita recibir información sobre a xestión dos seus datos, as actuacións non se estenderán aos familiares do pai e/ou nai, salvo que exista no expediente de adopción ou protección á infancia e adolescencia constancia de que estes coñecesen o feito da adopción ou medida de protección.

5. No caso de que non se poida identificar ou localizar á nai e/ou pai biolóxicos no prazo de 3 meses desde a realización da primeira entrevista sinalada no apartado décimo terceiro, procederase a facilitar os datos das orixes biolóxicas segundo establece o apartado décimo sexto.

Décimo quinto.- Entrevista coa nai e/ou pai biolóxicos.

1. No caso de que a nai e/ou pai biolóxicos acudan á entrevista, o equipo técnico informaraos de que se facilitaron ou se van facilitar (se non constaban no expediente de protección ou adopción) os seus datos de identidade ao fillo ou a filla que deron en adopción e consultaraos sobre a súa disposición para manter con el/ela un encontro ou outro tipo de contacto.

2. Finalizada a entrevista deixarase constancia escrita sobre a disposición da nai e/ou pai biolóxicos a manter un encontro ou algún tipo de contacto e as consideracións que consideren oportunas sobre a comunicación de datos que se vai trasladar á persoa solicitante.

3. No caso de que a localización da nai e/ou pai biolóxicos se realizase a través doutro ou outra profesional, esta poderá realizar as xestións previstas nos parágrafos anteriores en caso de que o criterio técnico do Gabinete de Orientación Familiar o considere adecuado.

Décimo sexto.- Comunicación da información á persoa adoptada ou extutelada.

1. Despois de contactar coa nai e/ou pai biolóxicos e realizar con eles as actuacións previstas no apartado anterior, o persoal técnico dos Gabinetes de Orientación Familiar manterá coa persoa adoptada unha entrevista co fin de informala sobre o contacto realizado cos pais biolóxicos.

2. No caso de que a nai e/ou pai biolóxicos non acepten manter ningún tipo de encontro ou contacto, falecesen ou se atopasen incapacitados xudicialmente ou de feito, os Gabinetes de Orientación de Familiar, a través da correspondente resolución da Xefatura Territorial, facilitaránlle á persoa adoptada ou extutelada os datos de identidade destes e o resto da información sobre as orixes biolóxicas, informándoa sobre a negativa, o falecemento ou a situación de incapacidade que lles afecta.

3. No caso de que non se poida localizar á nai e/ou pai biolóxicos no prazo de tres meses desde a realización da primeira entrevista prevista no apartado décimo terceiro, a persoa interesada será informada de que se puidese localizar por outra vía á nai e/ou pai biolóxicos, os Gabinetes de Orientación Familiar manteñen o ofrecemento para realizar o proceso de mediación entre elas.



4. A información proporcionada en relación coa procura de orixes deberán ser comunicada, coa motivación adecuada, a través de resolución administrativa da persoa titular da Xefatura Territorial que corresponda.

Décimo sétimo.- Encontro entre a persoa adoptada e a súa nai e/ou pai biolóxico.

No caso de que a persoa adoptada e a nai e/ou pai biolóxico manifesten o seu desexo de manter un encontro ou outro tipo de contacto, os Gabinetes de Orientación Familiar realizarán as xestións oportunas para que poida celebrarse nun contexto adecuado e respectuoso para todas as partes implicadas. Neste sentido, o Servizo de Familia da Xefatura Territorial que corresponda ofrecerá un lugar neutral para o primeiro encontro. Ademais, en caso de que a vontade de relación se manteña ofertarase acompañamento para a consolidación da posible relación.

Décimo oitavo.- Información sobre a existencia de irmáns ou irmás biolóxicas.

1. No caso de que no expediente exista información da existencia de irmás ou irmáns biolóxicos informarase a persoa adoptada ou obxecto de medida de protección da súa existencia, preservando os seus datos de identidade.
2. Poderase realizar un proceso de mediación entre irmáns e irmás cando estes tivesen manifestado interese por coñecer as súas orixes biolóxicas ou información sobre o irmán ou irmá adoptada ou obxecto de medida de protección e esta declaración conste no expediente.
3. En caso de que as irmás ou irmáns no manifestasen o interese, aplicarase o disposto no punto quinto do apartado vixésimo terceiro deste protocolo.

Décimo noveno.- Arquivo por circunstancias conxunturais.

1. Cando durante o procedemento se observen circunstancias de carácter conxuntural que pola súa previsible evolución ou posibilidade de desaparición, compensación ou cambio, aconsellen aprazar a consideración dunha concreta solicitude, o procedemento será resolto e arquivado. Na resolución expóranse os motivos existentes e as condicións necesarias para a súa continuación.
2. Unha vez desaparezan as causas que motivaron a resolución ou cando as persoas solicitantes comuniquen formalmente o cumprimento das condicións establecidas, de ser o caso, a existencia da dita resolución non suporá un atranco para a tramitación dun novo procedemento.

Vixésimo.- Denegación da información.

1. A persoa titular da Xefatura Territorial que corresponda denegará mediante resolución administrativa o acceso á información solicitada, nos supostos seguintes:



- a) Cando a persoa adoptada ou obxecto de medida de protección manifeste unha motivación inadecuada para o coñecemento dos datos de identidade da súa nai e/ou pai biolóxico.
  - b) Cando existan indicios fundados de que o acceso á información pode levar unha situación de risco ou perigo para as persoas afectadas, derivada de actuacións posteriores da persoa adoptada ou obxecto de medida de protección.
  - c) Cando a información solicitada non forme parte das orixes biolóxicas e afecte á intimidade da nai e/ou pai biolóxicos ou a de terceiras persoas.
2. Unha vez finalizadas as xestións previstas nos apartados anteriores e resolto o procedemento, os Gabinetes de Orientación Familiar procederán ao seu arquivo.

Vixésimo primeiro.- Apoio psicolóxico.

1. Os equipos técnicos dos Gabinetes de Orientación Familiar ofreceranlles ás persoas adoptadas ou obxecto de medida de protección a posibilidade de recibir apoio psicolóxico para acompañalos e preparalos emocionalmente durante todo o procedemento de procura das súas orixes.
2. O citado apoio tamén poderá ofrecerse ás nais e/ou pais tanto biolóxicos como adoptantes, se se considera beneficioso para o proceso de procura de orixes e nos casos de persoas implicadas que desexen reconstruír a súa relación de forma permanente tras un primeiro encontro ou contacto.
3. O apoio psicolóxico será prestado polo persoal técnico do Gabinete de Orientación Familiar. En caso de que sexa necesario por calquera circunstancia, como un elevado volume de casos nun momento determinado ou a necesidade dunha intervención altamente especializada, o dito apoio poderá ser prestado por servizos externos de acordo cos criterios xerais establecidos para os gastos extraordinarios.

DO PROCEDIMENTO DE ACCESO AOS EXPEDIENTES DE ADOPCIÓN POR OUTRAS PERSOAS INTERESADAS.

Vixésimo segundo.- Solicitudes realizadas por descendentes das persoas adoptadas ou extuteladas.

1. O procedemento iníciase previa solicitude dos e as descendentes das persoas adoptadas ou obxecto de medidas de protección nas Xefatura Territorial que corresponda, debendo facilitar ademais da información contida no apartado oitavo do presente protocolo, os seguintes datos:
  - a) Datos de identidade da persoa adoptada ou extutelada.
  - b) Vínculo de parentesco que lle une coa persoa adoptada ou extutelada.



c) Información que desexa obter.

2. No caso de que a persoa solicitante actúe a través de representante, este deberá estar debidamente acreditado (Anexo II).

3. A solicitude debidamente cumprimentada e asinada, irá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.

b) Certificado literal de nacemento da persoa adoptada ou extutelada expedida polo Rexistro Civil.

c) Documento que acredite o vínculo de parentesco que une á persoa solicitante coa persoa adoptada ou extutelada.

d) Documento que acredite que a persoa adoptada ou extutelada autoriza ao seu descendente para acceder ao expediente.

e) Certificado literal de defunción da persoa adoptada ou extutelada, no seu caso.

f) Fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa representante e documento que acredite que a persoa solicitante a autoriza expresamente a actuar neste procedemento.

4. No caso de defecto ou omisión no ofrecemento ou na documentación presentada, requirirase a persoa interesada a fin de que no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso contrario, teráselle por desistida da súa petición, previa resolución ditada para o efecto, e procederase ao arquivo da mesma.

5. Os datos de identidade dos pais biolóxicos e outros datos de orixes biolóxicas da persoa adoptada serán facilitadas aos seus descendentes nos seguintes supostos:

a) Cando a persoa adoptada ou extutelada tivera autorizado por escrito aos seus descendentes para acceder a esta información.

b) Cando faltando a autorización escrita prevista no apartado anterior tivese falecido a persoa adoptada ou extutelada e exista constancia escrita no expediente de que durante a súa vida manifestou o seu desexo de acceder ás súas orixes biolóxicas ou se valore que as persoas descendentes teñen razóns xustificadas para recibir esta información.

Vixésimo terceiro.- Solicitudes realizadas por nai e/ou pai biolóxicos das persoas adoptadas ou extuteladas ou outros familiares.

1. No caso de que a nai e/ou pai biolóxicos ou outros familiares mostrasen o seu desexo de recibir información sobre a persoa adoptada ou extutelada ou iniciar un contacto con ela, os Gabinetes de Orientación Familiar comprobarán no expediente de adopción se a persoa adoptada manifestou nalgunha ocasión o seu interese por coñecer as súas orixes a fin de poder iniciar o procedemento de mediación.



2. O procedemento iniciarase previa solicitude por escrito das persoas interesadas na Xefatura Territorial correspondente, que achegarán, ademais da información contida no apartado oitavo do presente protocolo, os seguintes datos:

- a) Datos que permitan identificar á persoa adoptada ou extutelada.
- b) Vínculo de parentesco que a une coa persoa adoptada ou extutelada.
- c) Obxecto da solicitude.

3. A solicitude, debidamente cuberta e asinada, irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.
- b) Outros documentos que permitan identificar o expediente de adopción ou tutela e o vínculo de parentesco que lle une á persoa solicitante coa persoa adoptada.

4. Unicamente se poderá facilitar aquela información que a persoa adoptada ou extutelada acceda a proporcionar logo do correspondente proceso de mediación. O dito proceso de mediación realizarase unicamente no caso de que conste no expediente a vontade da persoa adoptada ou extutelada de recibir información sobre a súa familia biolóxica. Dos datos proporcionados logo da conformidade da persoa adoptada ou extutelada deixarase constancia no expediente.

5. No caso de que no expediente non constase que a persoa adoptada manifestou o seu interese en coñecer as súas orixes biolóxicas, os Gabinetes de Orientación Familiar incluírán no expediente de adopción a solicitude realizada cunha nota, a fin de que se a persoa adoptada mostrase no futuro o seu interese en coñecer as orixes poida levarse a cabo o proceso de mediación. En todo caso, informarase á persoa solicitante sobre as xestións realizadas.

Vixésimo cuarto.- Solicitudes realizadas por pais e nais adoptantes.

1. As persoas adoptantes poderán solicitar por escrito que as Xefaturas Territoriais lles proporcionen os datos que obren no expediente de adopción do neno, nena ou adolescente referidos á súa adoptabilidade, o seu medio social, a súa evolución persoal e familiar, a súa historia médica e a da súa familia e as súas necesidades particulares, así como os referidos a outros aspectos que lles incumban, coa excepción das informacións relacionadas cos datos de filiación biolóxica.

2. Este suposto só aplicará no caso de que non tivesen recibido esta información durante o proceso de adopción, de acordo cos procedementos establecidos.

3. O procedemento iniciarase previa solicitude por escrito das persoas interesadas nas Xefatura Territorial competente, facilitando, ademais da información contida no apartado oitavo do presente protocolo, os seguintes datos:

- a) Datos que permitan identificar á persoa adoptada.



b) Vínculo de parentesco que a une coa persoa adoptada.

c) Obxecto da solicitude.

4. A solicitude, debidamente cumprimentada e asinada, irá acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.

b) Documento que acredite o vínculo de parentesco que une á persoa solicitante coa persoa adoptada.

5. O procedemento finalizará con resolución motivada na que se dará acceso ou se denegará a información requirida, de acordo cos puntos 1 e 2 deste apartado.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INFORMACIÓN DE ORIXES BIOLÓXICAS

SOLICITANTE:

NOME

APELIDOS

DNI

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

INFORMACIÓN QUE DESEXA OBTER

Lugar e data da sinatura

Sinatura da persoa solicitante

No caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade, actuará representada polo seu pai, nai ou persoa que exerza a tutela.

No caso de que a persoa solicitante actúe a través de representante, este deberá estar debidamente acreditado.

UNIDADE Á QUE SE DIRIXE:

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL EN





## ANEXO II

### MODELO PARA ACREDITAR A REPRESENTACIÓN.

O modelo normalizado para acreditar a representación pode descargarse desde o seguinte enlace:

<https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>

